

Traducido por Darío Xohán Cabana

Francesco Petrarca en galego

Dous anos e 4.000 horas de traballo foi o tempo empregado por Darío Xohán Cabana para traducir a Francesco Petrarca, respectando escrupulosamente a métrica orixinal. O Cancioneiro do poeta que influíu de maneira máis fonda na poesía europea dos XVI e XVII até o punto que non pode explicarse a poesía destes séculos sen a súa presenza, consta de 366 poemas

e un apéndice de 28 rimas dispersas máis. Publicamos aquí un adianto da primeira parte de "As tres irmás" dedicadas aos ollos de Laura, estándose á espera de que o Servizo de Publicacións da Xunta edite unha versión bilingüe, italiano-galego, desta tradución que empeza o camiño, imprescindible, do vertimento dos clásicos universais ao galego.

Posto que a vida é breve
e o enxeño se espaventa da alta lida,
nin nel nin nela moito me confío:
mais espero que oída
5 sexa de quen eu quero e onde debe
a miña dor, que inda calando chío.
Ollos u Amor fai niño, pra vós guío
o meu estilo débil, e anque é lento
de seu nome xorne, o gran gozo mo aguilloa:
10 e o que de vós razoa
obtéñ do tema un nobre sentimento
que erguendo en ás de amor
xebráo de todo baixo pensamento;
nelas alzado quero agora expor
15 o que gardei gran tempo no meu cór.

Non porque ande esquecido
de canto vos inxuria o louvor meu;
mais contrariar non podo o anheño ousado
que está en min desde que eu
20 vin o que non dé a mente concebido
nin eu nin outro pode dar contado.
Principio do meu doce cruel estado,
ben sei que máis ninguén ca vós me entende;
cando eu son neve ós raios ardorosos,
25 ós xentís desdén vosos
quizais a miña indignidade ofende.
¡Ouh, se este meu reparo
non temperase o fogo que me acende,
feliz reber! que me é morrer máis caro
30 diante eles ca vivir sen seu amparo.

Se eu, pois, non me desfago,
fraxil cousa no lume que arde tanto,
non é porque me libre o meu valor;
mais a pavura un tanto,
35 nas veas axeando o sangue vago,
pra que inda arda máis tempo sanda o cór.
¡Ouh montes, frumes, selvas, chas en flor,
que me vedes vivir en agonía,
canto chamar me oístes pola morte!
40 ¡Ai miserable sorte,
quedar desfaima, a fuga éme baldía!
Mais se maior pavura
non me coutase, curta e pronta vía
dera fin a esta pena áspera e dura;
45 e a culpa é de quen deso non se cura.

¡Por que camiños raros
me levas, dor, dicindo o que non quero?
Deixa que vaia a onde o pracer me chama.
Xa non me destempero
50 convosco, máis ca humanos ollos claros,
nin conta o que en tal solta me acabrama;
vede ben cantas cores me derrama
Amor na miña face de seguido,
e pensade por dentro qué fará
55 se día e noite está
sobre min co poder en vós collido,
luces santas que rides
anque vervos a vós é tollido:
mais cada ver que a min dirixides,
60 o que vós sodes noutro colixides.

43. curta e pronta vía: a morte pola propia man.

51. o que: Amor

59-60. Nos efectos que vedes en min, que estou así por tervos visto, colixides que belos sodes, aínda que non poidades ver vos a vós mesmos.

Se vos fose tan clara
a divina indicible fermosura
pola que eu canto, como a quen a mira,
ledicia con mesura
65 non vira o cór: quizabes se separa
por eso da virtude que vos xira.
Feliz a ialma que por vós suspira,
lumes do ceo polos que agradezo
o vivir que o demais non me fai caro.
70 ¡Por que tan pouco e raro
me dades do que nunca perdo o vezo,
e máis frecuentemente
non mirades qué mal de amor padezo?
¡E por que me privades de repente
75 do ben que algunhas veces a alma sente?

Digo que ás veces mora
gracias a vós no medio da alma miña
unha dozura nova inuitada
que toda outra mesquiña
80 carga de pensamentos bota fóra,
e un semente de mil acha posada:
pra este namais a min vivir me agrada.
E se durase o ben, ningún estado
co meu emparellarse podería;
85 mais quizá me faría
soberbo tanto honor, sendo envexado;
por eso, aí, xa estou vendo
o risco extremo en pranto asulagado,
e os acesos suspiros suspendendo,
90 cómpre que pense en min, en min volvendo.

64-66. O cór de L. non podería modera-lo seu gozo; por eso, providencialmente, é vedada a divina indicible fermosura á vosa virtude visiva ou facilidade de ver.


71. do que: da visión vosa que raramente gozo.

81. Só penso en vós, esquecendo todo outro pensamento.

O amoroso coidado
que dentro mora, en vós se me descobre
do cór tollendo todo outro pracer;
así o que diga e obre
95 é tan cumprido que anque a morte é o fado
da carne, espero que inmortal hei ser.
Anguria e tedio foxen con vos ver,
e volven ó marchardes xuntamente;
pero como a memoria namorada
100 lles pecha logo a entrada,
pasar a dentro non se lles consente.
Se algún froito fermoso
nace de min, de vós veu a semente;
eu por min son terreo pedregoso
105 cultivado por vós, e o prezo é voso.

Canción, ti non me calmas, que me inflamas
a falar do que tanto me afervoa;
108 segura estén de non estares soa.

91-92. o amoroso coidado que está dentro de Laura móstrase en vós, ollos dela.
99-101. A amorosa lembranza dos ollos non permite que anguria e o tedio se adonen do ánimo, non deixa que cheguen ó fondo do espírito.



Dario Xohán Cabana medalla de ouro de Floréncia pola súa tradución da *Divina Comédia*

É considerada a mellor versión da nosa área lingüística

■ X.C.

Dario Xohán Cabana, o escritor e poeta da Terra Chá ven de recibir en Floréncia a Medalla de Ouro do concello, pola súa tradución da *Divina Comédia* de Dante. O 25 de Maio, na Sala Duecento do Palazzo Vecchio o traductor galego recibía a consideración italiana por unha versión ao galego, a de meirande calidade das realizadas na nosa área lingüística.

A presentación do galardonado fíxo-a o profesor Francesco Mazzoni, presidente da Sociedade Dantesca Italiana, en nome do Comitato della Unione Fiorentina. No seu discurso Mazzoni lembrou as outras traducións da área lingüística do galego, "tamén a área lingüística e cultural lusitana mostrou sempre



vivo interese pola Alighieiri, coma polas outras coraas trescentistas, até as recentes traducións completas da *Comédia*: a de Braga en pro-

sa (realizada entre 1955 e o 1958), e a outra en tercetos, dirixida por Francisco Vieira de Almeida. En canto ao Brasil, abondará lembrar

a tradución das obras completas do Dante editada en dez volumes en São Paulo arredor do 1958".

O presentador do acto fixo un percorrido polo traballo realizado por Dario, lembrando as súas versións dos Cancioneiros de Petrarca e doutros textos poéticos italianos, facendo unha profunda gabanza do traballo realizado "recorrendo a todos os recursos estéticos da propia lingua, poeta el mesmo, Dario Xohán Cabana soubo tomar desde o interior o proceso de formación do signo dantesco, para decodificalo na súa totalidade, evitando así a esclerotización dun traductor entendido como mera transposición dun senso obrigado".

Alén do protocolo dos discursos en actos semellantes, a tradución de D.X. Cabana recibiu unha singular apreciación do representante da Società Dantesca Italiana "a el debemos a que podemos definir sen dúbida coma a versión máis valiosa da *Comédia* dantesca deica agora dispoñíbel na área galego-portuguesa-brasileira".

DANTE ALIGHIEIRI, O POETA

DARIO XOHÁN CABANA

Agradézolle profundamente, Profesor Mazzoni, as súas palabras que a min se referían, dictadas só polo seu xentil corazón e non polo meu mérito, tan pequeno como para facerme avergoñar en tan alto lugar e entre tanta intelixencia.

Non soñara nunca, nin sequera durmindo, que un día había estar nesta cidade gloriosa de Floréncia, e non como viaxeiro anónimo estupefacto, senón falándovos a vós, miñas donas e meus señores, case coma se eu fose digno de atención; e sen embargo non me falta coñecencia pra saber con certeza que é só a vosa xenerosidade o que me ergue tanto sobre o meu valor canto a soberbia torre deste palacio se levanta sobre o pó da tona terrestr.

Cando era aínda un rapaciño, lin por vez primeira a *Divina Comedia*. Tiña daquela quince anos, mais xa fun prendido na titánica rede que encerraba o mundo, no milagre do poema sagro. Lino nunha non moi boa tradución castelá, pero conservo a pesar deso aquel libro entre os meus máis queridos, porque me foi porta de entrada á inmensa basílica que é verdadeiramente a *Comedia*, casa de moitos cuartos onde eu moro.

Xa case chegado ó medio do camiño, comencei a amar de máis preto as tres coraas do voso reinado universal da literatura. Lin o Boccaccio na súa lingua, lin e traducín o Petrarca, e tamén un pouco do Cavalcanti e dos outros estilnovistas. E cando tiñaxa traballado moito, fun tan ousado como para loitar contra o xigante, ou coma Xacob, contra o anxo.

Lera eu certas palabras, e non as esquecín: "E así saíba cada quen que ningunha cousa por vencello mosaico harmonizada se pode da

súa fala noutra transmutar, sen romper toda a súa dozura e harmonía". Mais eu, como a ignorancia é moi afoutada, púxenme á obra temeraria de trasladar ó meu falar materno os versos da maravilla. Pensaba así honrar o altísimo poeta, e honrándoo honrarme a min mesmo, e a miña lingua, que non o coñecía.

Foron catro anos de continuo traballar, noite e día; eu embriagábame no meu afán, e ría cando tiña éxito, e choraba cando os soberanos versos me ultrapasaban tanto que me facían desesperar.

Canto máis me fatigaba, máis o amaba. Para min teño que Dante Alighieiri foi home único e senlleiro, sen outro semellante en toda a historia da civilización mundial. Ningún país, ningunha idade pode gloriarse de ter entre os seus fillos un poeta semellante ó voso; mellor dito, ó noso, pois Dante é patrimonio da humanidade enteira, e todos somos por el cidadáns de Floréncia a bela.

A humanidade está toda enteira na *Comedia*. Tódolos desexos, tódolos soños, tódalas angustias, toda a miseria e toda a gloria da nosa condición están aquí, no Libro.

O Libro é este, por antonomasia, e non outro que eu saíba. Creio que as tres cantigas forman, non só o maior poema que hai no mundo, senón mesmo un poema impíble. A miña mente polo menos non é suficiente para comprender en si a estrutura de Dante. Canto máis leo a súa obra, menos a creio posible.

Non ousaría preferir unha parte a outra: as tres cantigas son para min igualmente carísimas e preciosas, deica o derradeiro verso. Téñome conmovido ata as bágoas lendo o afectuoso encontro de Sordel e

Virxilio, a oración de San Bernardo, a visión da Trindade, a historia do conde Ugolino. Chorei verdadeiramente con Dante repellido por Beatriz. É verdade, outros versos fíxonme rir deica as bágoas, e os versos cheos de doutrina fíxonme amigo da poesía didáctica.

**A HUMANIDADE
ESTÁ TODA NA
COMEDIA. TÓDOLOS
DESEXOS, TODA A
MISERIA E TODA A
GLORIA DA NOSA
CONDICIÓN ESTÁN
AQUÍ, NO LIBRO**

E outra cousa vos confeso: téñome irado moitas veces contra o Poeta, e teño por seguro que fixo mal poñendo no Inferno o pobre Brunetto Latino por tan leve pecado, e a Francesca e Paolo, e quizais a Farnata, e a outros que eu amo, como Dante amaba e respectaba. Eu, menos severo, teríalos salvado. E sen embargo, penso: Grande é o poeta e o moralista e o cidadán que se ergue así por riba dos seus afectos máis queridos!

As tres cantigas son o Poema indivisible, e non cómpre repetilo. O lento andar e a présa, o riso e o pranto, o amor e o odio, as cousas humanas todas, teñen o seu lugar

na soberbia arquitectura, no imposible palacio que encerra, desde as inferas estancias subterráneas deica a suprema cúpula, tódolos vicios e tódalas virtudes que no mundo houbo e hai e haberá. E non embargantes esto, despois de moito pensar, dígovos: Se un día sucede unha catástrofe universal, e se pola miña man pode ser salvada só unha das tres cantigas, chorando salvaría a terceira, e non sabería dicirvos o porqué; pero é quizais nesta, aínda máis ca nas outras, onde a poesía dantesca nos dispón a subir ás estrelas.

Non vos quero cansar máis coas miñas palabras, tan dificilmente pronunciadas que me parece blasfemar nesta doce e leda terra florentina, onde eu espero achar piedade e non só perdón. Pero deixádevos aínda dicirvos unha cousa: o meu traballo foi traballo de amor ó poeta, á lingua italiana e á miña propia; pero foi tamén un traballo de gratitude e recoñecemento ós filólogos italianos que salvaron e coidaron para nós, galegos, e para o mundo, a poesía nosa galego-portuguesa. Falo daqueles xentilísimos que van desde Angelo Colloci ós profesores Giuseppe Tavani e Giulia Lanciani, meus amigos benqueridos.

Prégovos, miñas donas e meus señores, que saibades ser indulxentes coa desmesurada longura do meu discurso, que agora podo resumir e pechar dicíndovos: Vós fixédesme hoxe grandísimo inmerecido honor, un só intre deste día pagaría tódalas miñas longas e ledas fatigas de traductor, e polo que sobra son eu quen queda eternamente por debido voso. Gracias é unha palabra ben pequena para dicirvos gracias.

Discurso de D.X. Cabana en Floréncia o 25 de Maio do 1991.

● **Morreu o escultor Acuña.** O pasado martes falecia aos 88 anos de idade unha das figuras vivas da escultura galega neste século. Discípulo de Francisco Asorei a súa obra está espallada por numerosos museos do mundo. Nado en Pontevedra o 14 de Abril de 1903, Xosé María Acuña era sordomudo e estudou na Escola de Belas Artes San Fernando de Madrid. Foi profesor de modelado e debuxo no Coléxio Rexional de Sordomudos de Santiago. O ano pasado Acuña recibiu a Medalla Castelao. Entre as obras públicas que se poden ollar de Acuña está o monumento ao pelengrin, unha reprodución do cal folle entregado ao Papa na súa visita a Galiza.

● **Fotoxornalismo galego dunha década.** O grupo *Fotógrafos de Lugo* veñen de organizar, na S4 de Exposicións do Museo Provincial unha exposición de fotoxornalistas que recolle o traballo informativo de dez anos de toda a nómina recoñecida de informadores gráficos na Galiza. Até o 30 de Xuño Abalo, Delmi Álvarez, Alvez, Tono Arias, Virginia Baros, Manolo Blanco, Víctor Castiello, Xosé Castro, Eduardo Castro, Oscar Paris, Roberto Cerecedo, Víctor Echave, Gerardo Fraga, Antonio Hernández, Anxo Iglesias, Emilio Lavandeira, Nieves Loperena, Manuel López, X. Marra, Carlos Miragaya, Yolanda Nieto, Benito Ordóñez, Iñaki Osorio, Raquel, Pili prol, César Quiñán, Rodrigo R. Ardá, Lalo R. Villar, Xurxo S. Lobato, Alberto Suárez, Tejero, Vázquez Landín e Tino Viz. Os organizadores queren que esta mostra de 130 fotografías sexa itinerante por diferentes cidades galegas.

● **Discriminación das Bandas de Música.** A Federación Galega de Bandas de Música Populares fixo pública a súa protesta polo que considera aberta discriminación da televisión galega co seu labor. Segundo a Federación nunha entrevista mantida co director do Ente, Rodi Lombardi, argumentouse falta de orzamento plantexándolles gravar os concertos sempre que as bandas pagasen os desprazamentos ou ben que as gravacións se realizasen no marco doutros eventos públicos (romarías, festas). A Federación rexeitou a proposta porque segundo eles estebelecíase un agrávio comparativo con outras agrupacións ás que se lles abona todo tipo de gastos e ademais as gravacións deberían ter unhas mínimas garantías de calidade.

A reivindicación das bandas de música populares dunha maior presenza nos medios públicos de comunicación ven xa de lonxe, contrastando o trato diferenciado da Rádio Galega, cun programa matutino os domingos dirixido por Abián de Tembra.

● **Conferencia do alcalde de Marínalea.** Organizada polo COSAL de Betanzos o alcalde andaluz Sánchez Gordillo vai dar unha conferencia no marco dunha campaña intitulada *Desemascara-lo 92. En solidariedade con América Latina*. A charla terá lugar na Aula Municipal de Cultura de Betanzos o sábado 8 de Xuño ás 9 da nite.